



RESUMO DOS CAMBIOS APROBADOS NA NORMATIVA DA FGVb PARA A TEMPORADA 2019-2020

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións aprobadas:

- **Art. 2:** Actualización para a temporada 2019/2020 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Art. 4.4:** Engadir a opción de inscribir equipos cadete ou infantil os clubs con equipo sénior.
- **Art. 6.3:** Engadir que o número mínimo de participantes inscritos debe manterse durante a duración da competición.
- **Art. 6.6:** Engadir os prazos tope para a solicitude de autorización de infantís e cadetes para participar en competición superior.
- **Art. 8.2:** Ampliase a documentación válida para identificar xogadores/as de categoría Alevín e Benxamín.
- **Art. 17.1:** Corrixir a tarifa arbitral correspondente ao Primeiro cando arbitra el solo, na categoría Primeira División Sénior. Onde pon 38,50€ substituír por 53,00€.
- **Art. 19.3:** Modificación das condicións de cobertura do seguro de accidentes deportivos.
- **Art. 20.6:** Engadir a prohibición de participar na cerimonia de entrega de trofeos a persoas alleas os equipos participantes.
- **Art. 21.1:** Modificar as consecuencias de non pagar as débedas reclamadas pola federación.
- **Art. 21.4:** Engadir a prohibición de solicitar cambios de datas a aqueles clubs que teñan débedas coa FGVb cando estas foran reclamadas e non satisfeitas.
- **Art. 25.1:** Engadir o criterio para os desempates de ter en conta as ligas regulares no caso de que a competición se celebre co sistema de fases.
- **Art. 25.2:** Modificar o número máximo de xogadores que cada equipo poderá inscribir na acta, fixándoo en 14 incluídos os líberos.
- **Art. 26.2:** Eliminar a posibilidade de que un equipo de Segunda División poida xogar a segunda fase de ascenso no caso de que o club xa teña un equipo en Primeira División da mesma categoría que non estea xogando a eliminatoria polo descenso.
- **Art. 27.1:** Modificación da táboa cos prazos e custes pola modificación de xornadas, datas e/ou campo de xogo.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2018-2019 para actualizalas á temporada 2019-2020.



NORMAS ESPECIFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións aprobadas:

- Modificación das normas de **Primeira División Sénior Galega:**
 - o Cambiase o formato de competición do grupo de permanencia na terceira fase por sistema de concentración nun único día en formato de liga a unha volta.
- Modificación das normas de **Primeira División Xuvenil/Cadete/Infantil:**
 - o Cambiase o formato de competición do grupo de permanencia na terceira fase por sistema de concentración nun único día en formato de liga a unha volta.
- Modificación das normas de **Segunda División Senior/Xuvenil/Cadete/Infantil:**
 - o Cambiase o formato de competición dos grupos de permanencia na segunda fase por sistema de concentración nun único día en formato de liga a unha volta.
 - o Cambiase o formato de competición do grupo de promoción na terceira fase por sistema de concentración nun único día en formato de liga a unha volta.
- Modificación das normas de **Terceira División Senior/Xuvenil/Cadete/Infantil:**
 - o Cambiase o formato de competición dos grupos de promoción na segunda fase por sistema de concentración nun único día en formato de liga a unha volta.
- **Campionato Galego Benxamín:** Engadidas as normas de esta nova competición.
- **Campionato Provincial Prebenxamín:** Engadidas as normas de esta nova competición.
- **Copa Infantil-Cadete de Voleibol:** Engadidas as normas de esta nova competición.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2018-2019 para actualizalas á temporada 2019-2020.

BASES PARA A SOLICITUDE DE ORGANIZACION DE FASES FINAIS

Modificacións aprobadas:

- **Art. 1:** Actualización das datas de solicitude e das datas de celebración.
- **Art. 2:** Modificación dos motivos da renuncia a organizar sen sanción.